

MEMORIA XUSTIFICATIVA ESIXENCIA DE GARANTÍA PROVISIONAL PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN TELEFÓNICA PARA A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 EXPTE.: AB-FUS1-19-002

En atención ao disposto no artigo 106 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e en relación coa licitación do servizo de operación telefónica para a Fundación Pública Urxencia Sanitarias de Galicia-061 (Expte.: AB-FUS1-19-002) o órgano de contratación, considera xustificada a esixencia da constitución da garantía provisional por importe de cento vinte e sete mil cento setenta e dous euros con oitenta e dous céntimos (127.172,82 €), en base aos seguintes motivos:

Primeiro.: O valor estimado do contrato que ascende a dez millóns catrocentos sesenta e dos mil douscentos sesenta e sete euros con corenta e catro céntimos (10.462.267,44 €).

Segundo.: Á complexidade do contrato cuxo obxecto é a prestación do servizo de operación telefónica coas características que se recollen no prego de prescricións técnicas particulares.

O servizo a prestar, mediante este contrato é a atención telefónica do número de emerxencias sanitarias 061 e do número de consulta sanitaria 902400116, mediante persoal especializado, durante as 24 horas do día os 365 días do ano.

Este servizo comprende a recepción inicial das chamadas de demanda que chegan á Central de Coordinación da Fundación Pública Urxencia Sanitarias de Galicia-061 a través dos números de cabeceira que atende, 061 e 902 400 116, a súa xestión inicial, a activación e seguimento dos recursos e a recollida de datos dos incidentes atendidos.

Inclúense tamén todas aquelas accións encamiñadas á formación do persoal necesario para a execución deste servizo e as accións formativas de mellora que procedesen para garantir o desenvolvemento desta actividade segundo os axeitados estándares de calidade.

Terceiro.: Por razóns de interese público, para responder do mantemento das ofertas ata a perfección do contrato.

A Estrada, 31 de maio de 2019

Asdo.: José Manuel Flores Arias
Director da Fundación Pública
Urxencias Sanitarias de Galicia-061

